



A RESPONSABILIDADE SOCIAL DE ENCE

Cando hai 20 días líamos a noticia nos xornais, non o podíamos crer. En efecto, a nosa sorpresa foi maiúscula ao ler os titulares: ENCE ASUME A SÚA RESPONSABILIDADE SOCIAL. Algo estaba a mudar na empresa pasteira de Lourizán e, logo de mais de 50 anos contaminando a Ría e a atmosfera, impedindo coa súa actividade ilegal á posibilidade dun desenvolvemento sustentábel baseado na explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos, e poñendo en perigo a saúde da poboación; logo, en resume, dunha longa historia de destrución do medio ambiente, da paisaxe, da economía e da calidade de vida na nosa bisbarra, ENCE abandonaba a súa tradicional política da mentira, do autobombo falaz e da constante negación da realidade –desa realidade que fai que a práctica totalidade da poboación esixa a saída inmediata da fábrica do seu actual emprazamento- para recoñecer a súa responsabilidade nesta situación que vimos de describir. Semellaba que ENCE, como o moribundo que ve chegar o fin da súa vida, recoñecía os seus pecados diante da sociedade que padeceu o seu mal facer.

Tardamos ben pouco en nos decatarmos de que nada tiña que ver a realidade co titular da prensa. Tratábase unha vez mais dun acto propagandístico de ENCE; unha vez mais a política do lavado de imaxe á que nos teñen acostumados os directivos da fábrica de Lourizán latexaba detrás do sorprendente titular. Non era mais que un novo intento de vender á sociedade unhas bondades das que carece; como cando se gaba esaxerando o número de postos de traballo que crea e nada di dos que ten destruído; do cumprimento escrupuloso da lexislación en materia de medio ambiente esquecendo que foi condenada por delito ecolóxico ou da xestión forestal sustentábel. Lonxe de se tratar dunha actitude de arrepentimento, do recoñecemento dos seus pecados, tratábase unha vez mais dunha actitude de soberbia, a mesma soberbia que lles levou a querelarse coa APDR porque fixemos aquilo que vimos facendo desde o momento en que nacemos como asociación: denunciar, con datos oficiais na man, que incumpren a lexislación en materia de vertidos. Todo fai pensar, eso si, que se teñen arrepentido de ter dado este paso e dubidan se seguir adiante coa denuncia. Con seguridade lembran que xa demostramos no 2002 que estaban a cometer delito ecolóxico e saben que hoxe, cos datos oficiais na man, podemos demostrar tamén que seguen incumprindo a lexislación.

Evidentemente, ENCE ten unha grande responsabilidade moral coa sociedade, ten que lle devolver a saúde e a calidade de vida que lle roubou ao longo destes anos; e ten unha responsabilidade social adquirida no momento en que lle foi outorgada a concesión: abandonar Lourizán deixando a zona como estaba cando chegou. Porque, entre outras cousas, ENCE é responsábel da desaparición dunha boa parte do banco marisqueiro dos Praceres e das praias urbanas de Pontevedra. E na APDR seguimos esixindo o inmediato abandono do seu emprazamento e o cumprimento íntegro das súas obrigas.

Pontevedra, 20 de febreiro de 2011

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR